

*Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Secretaría de Estado de Medio Rural e Auga, por que se convoca para o exercicio 2010, a concesión de subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional, no marco da rede rural nacional.*

O obxecto da presente resolución é convocar para o exercicio 2010, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, subvencións plurianuais para a realización de proxectos de cooperación interterritorial e transnacional, a desenvolver en territorios rurais organizados baixos pautas Leader, previstas na Orde ARM/1287/2009, do 8 de maio, publicada no Boletín Oficial do Estado numero 124, do 22 de maio de 2009.

*Beneficiarios e requisitos.* – Podrán acceder a estas subvencións os grupos de acción local seleccionado no marco do eixe 4 LEADER dos programas rexionais de desenvolvemento rural, de acordo co artigo segundo das bases reguladoras destas subvencións, que participen nun proxecto de cooperación interterritorial ou transnacional, a través dun grupo de acción local coordinador, cuxas funcións se regulan no artigo cuarto das bases reguladoras e que cumpran os requisitos indicados no artigo terceiro das devanditas bases. Os proxectos deberán aterse ao que se establece nos artigos sexto e sétimo das bases reguladoras.

*Solicitudade da subvención e prazo de presentación.* – As solicitudes de subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional, dirixiranse ao Secretario de Estado de Medio Rural e Auga, de acordo co modelo de instancia establecido no anexo, e presentaranse no rexistro do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes presentaranse antes do 10 de abril de 2010 en formato papel e soporte informático.

A concesión das subvencións previstas nesta Resolución realizarase de acordo cos seguintes criterios de valoración:

- a) Calidade técnica do proxecto de cooperación (ata 10 puntos).
- b) Valor engadido que se prevé obter (ata 10 puntos).
- c) Incidencia sobre os colectivos de mulleres, mozos e outros grupos de especial consideración (ata 15 puntos).
- d) Resultados previstos e contribución á corrección de desequilibrios medioambientais, socioeconómicos, culturais e laborais (ata 15 puntos).
- e) Mellora do medio ambiente e valorización dos recursos naturais (ata 15 puntos).
- f) Consistencia do orzamento anual (ata 10 puntos).
- g) Formulación de obxectivos (ata 5 puntos).
- h) Grado de singularidade e innovación do proxecto (ata 10 puntos).

## AXUDAS

i) Descrición das actividades proxectadas (ata 5 puntos).

A cualificación mínima esixida para a resolución favorable dun proxecto de cooperación será de 50 puntos.